




PÉREZ & FERNÁNDEZ

PRESENTA:

**NANAI
DA CHINA**

Co apoio de:



Segundo a RAE, "**NANAY**" é unha interxección festiva coloquial usada para negar rotundamente algo; expresión que nós quixemos transformar nunha lenda, nunha fábula que conte quen é Nanai.



SINOPSE

Nanai é unha nena que naceu nunha noite sen lúa. Os seus veciños e veciñas reixéitana dende que nace, por pura superstición. Ela só sabe dicir NON!, e axudar ao seu avó a cultivar o arroz máis delicioso desta beira do Yangtsé en compañía de Chis-Púm, un simpático búfalo de auga. Para loitar contra esta estúpida superstición da xente, Nanai e o seu avó elaboran un plan que non sae todo o tempo tan ben como debería...





Nanai da China é un espectáculo de teatro para público familiar no que se fusionan os títeres e os actores para representar esta orixinal historia, chea de maxia, aventuras e humor.

Xénero: Teatro de títeres e actores.

Idade recomendada: + 4 anos.

Duración: 45 minutos aprox.



TEMÁTICA

Dende un posto ambulante de comida de rúa, dous grandes coñecedores da historia de NANAI fálannos de **realismo máxico**, dos mitos, **tradicións** e **supersticións** dunha aldea da China (que é tódalas aldeas). Empregando distintas técnicas de narración oral, representan a verdadeira historia da nena que só dicía NON! Reviven a sinxela vida do seu avó Minchín, un humilde agricultor de arroz, en contraste cos excesos e excentricidades do grandísimo Emperador Ming. Comparten con nós a **sabedoría culinaria** ancestral da gran Chef Mayóng e as terribles consecuencias da **embriaguez**. Nanai, coa axuda da súa amorosa nai Miú e do seu fiel amigo Chis-Púm, terá que emprender unha viaxe para romper dunha vez por todas o cárcere de **medo** no que vive e para salvar a toda a comunidade.





FICHA ARTÍSTICA

Autores

Victoria Pérez - Xabier Romero

En escena

Victoria Pérez - Manu Fernández

Voz Chis-Púm

Xabier Romero

Diseño e construcción de títeres

Montse Piñeiro - Iria Fafián

Diseño e construcción espacio escénico

Montse Piñeiro

Espazo sonoro

Pérez&Fernández - Xabier Romero

Diseño de cartel

Iria Fafián - Montse Piñeiro

Foto e Video

Nelson Corsino

Produción

Pérez&Fernández

Dirección

Victoria Pérez



A COMPAÑÍA

Pérez&Fernández somos unha compañía de teatro creada en 2015. Facemos espectáculos de pequeno e mediano formato para un público que queira divertirse, aprender, imaxinar, empatizar; sentir que está vivo e disposto a abraiarse, que o teatro pode ser ese lugar soñado para seguir xogando a ser quen queiramos ser.

Somos **Victoria Pérez** e **Manu Fernández**, actores, creadores, amantes da literatura infantil; e un equipo de persoas riquiñas, ás que admiramos, que fan posible que os nosos proxectos saian "ben feitiños".

www.perezyfernandez.com



TRAXECTORIA

2015 **O poder de Amabel**

Un emotivo espectáculo de títeres "amigurumi" baseado nunha novela de Érica Esmorís.

2017 **Aguratr**

Adaptación ao teatro dun fermoso conto de Roald Dahl.

2019 **Os nenos da Variola**

Proposta escénica que nace da exitosa novela histórica de María Solar.

- "Premio María Casares" a *Mellor espectáculo para público familiar*.

- "Premio Luisa Villata" a *Proxectos pola igualdade*.

2020 **Picnic**

Unha merenda familiar bilingüe galego-inglés.

2021 **Rosa e Azul**

Contacontos pola igualdade, que celebra a diversidade LGTBIQ+ e rompe cos estereotipos de xénero binario.

2023 **Nanai da China**

Espectáculo de títeres e obxectos. Texto orixinal de Victoria Pérez e Xabier Romero.







NANAY DA CHINA - RIDER TÉCNICO

LUZ

- DIMMER DE 12 CANLES
- 2 recortes 15/30°
- 3 PC 1000w
- 2 PARLED RGBW (APORTA A CÍA.)
- LUZ DE SALA REGULABLE, NO SEU DEFECTO 2 PANORAMAS 1000W

SON

- PA ACORDE ÁS CARACTERÍSTICAS DA SALA
- MONITORES L E R
- 2 MICRÓFONOS DE DIADEMA INALÁMBRICOS (APORTA A CÍA.)
- MESA DE 12 CANLES CON EFECTOS DE REVERB E DELAY
- 1 D.I. e conexión minijack para ordenador en cabina

Medidas escenario: 3m de ancho x 3.5m de fondo x 2.5m de alto.

Tempo de montaxe: 2h 30m

Tempo de desmontaxe: 1h

DISTRIBUCIÓN



info@urdime.net

T. +34 981 937 424

M. +34 619 920 335

M. +34 679 946 957



www.perezyfernandez.com

www.instagram.com/perezyfernandezteatro

Compañía pertencente a:

